

Encontre a súa información...

Familias Alumnado Profesorado Centros Empresas

Construcións e melloras


Inicio

Educación investiu un millón € na mellora do CEIP San Roque de Darbo e no IES María Soliño, en Cangas

O conselleiro Román Rodríguez visitou o colexio de Darbo, onde a Consellería acometeu unha rehabilitación integral e mellora da eficiencia enerxética e funcional

Escolar

Mér, 03/05/2017 - 15:57



A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén de investir preto dun millón de euros en dous centros escolares de Cangas: o CEIP Purificación San Roque de Darbo e o IES María Soliño, onde se acometeron importantes obras de mellora de eficiencia enerxética no primeiro deles, e de reforma do pavillón polideportivo no caso do instituto.

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, desprazouse esta mañá ata Cangas, acompañado do delegado territorial da Xunta en Vigo, Ignacio López-Chaves, para visitar o colexio de Darbo, no cal o departamento de Educación levou a cabo a rehabilitación integral do edificio, que implicou a mellora da eficiencia enerxética e funcional deste centro.

As actuacións -cuyo importe total ascendeu a 615.000 euros- consistiron na mellora da envolvente do centro mediante a instalación de illamento térmico na fachada. Así mesmo, renováronse as carpinterías exteriores, que foron substituídas por outras con rotura de ponte térmica e dobre vidro, e colocáronse novas persianas de aluminio.

No referido ás instalacións interiores, substituíronse todos os falsos teitos por outros con protección acústica, e as luminarias por equipos de alta eficiencia enerxética (con multisensor de regulación e detección de movemento); e pintáronse os paramentos interiores. Ademais, mudouse a caldeira de calefacción e mellorouse a instalación referida a este sistema, entre outras actuacións.

Esta intervención forma parte do Plan de mellora da eficiencia enerxética que a Consellería de Cultura e Educación puo en marcha o ano pasado e que supuxo a rehabilitación integral de doce centros escolares (once deles na provincia de Pontevedra). Este Plan -que se enmarca dentro das actuacións financiadas pola Unión Europea para a redución do CO2- continúa este ano con obras deste tipo noutros oito centros escolares a razón de dous por provincia, e que suporán un investimento de preto de catro millóns de euros.

IES María Soliño

A outra das obras importantes realizouse no IES María Soliño, onde se acometeu unha reforma integral do pavillón con obras específicas na pista polideportiva e nos vestiarios, por un importe de case 400.000 euros, nunha superficie de 1.500 metros cadrados.

A pertinencia desta obra derivaba da necesidade de solucionar os problemas de salubridade, habitabilidade e acabados da mencionada instalación. Para tal fin, nas pistas deportivas realizouse unha nova soleira de formigón e llada con poliestireno extruído de alta densidade, e sobre esta base colocouse un pavimento deportivo de caucho sintético. Así mesmo mellorouse o illamento das fachadas e da cuberta do edificio, incorporando illamento térmico de lá de vidro mineral, paneis de alta densidade de resinas e chapa perforada metálica. Tamén se renovaron as instalacións de electricidade e a iluminación da pista deportiva, e colocáronse novos extintores.